


# ACTIVIDADES DE ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE ORAL



PROPOSTA  
DE ACTIVIDADES  
20-30 ABRIL

# Actividade 1:

Propoñemos exercicios de estimulación da linguaxe, cos labios, coa lingua e con todos os músculos da boca. Para facelos temos uns axudantes/as moi simpáticos. Queredes coñecelos/as? Premede no enlace e repetide o que estes personaxes fan...



[PRAXIAS CON PEPA PIG](#) (Preme no enlace)



[CONTO "O GUSANITO"](#) (Preme no enlace)

# Actividade 2:

Aproveitando que nestes momentos estamos moito tempo na casa xogaremos a adiviñar os sons de aparellos das nosas casas. O intentamos?



[ADIVIÑA OS SONS DA CASA](#) (Preme no enlace)



[ESCOITAMOS OS SONS DA CASA](#)  
(Preme no enlace)

# Actividade 3:

Propoñemos un novo xogo. Nos círculos que vedes a continuación aparece unha letra e varias imaxes a súa redor. O xogo consiste en identificar que debuxos comezan por esa letra. Podedes imprimir os círculos e ir poñendo pinzas que teñamos na casa nas palabras que comecen por esa letra ou tamén, se non dispoñedes de impresora, vemos as imaxes na pantalla e sinalamos co dedo. Se algunha palabra nos custa un pouco máis non pasa nada, coa axuda dunha persoa adulta a repetimos poñendo especial énfase no fonema.

